



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, A AXENCIA GALEGA DA INDUSTRIA FORESTAL (XERA) E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA A ORGANIZACIÓN DA V EDICIÓN DA FEIRA BIENAL GALIFOREST**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da Dirección xeral de Ordenación Forestal da Consellería do Medio Rural, **DECLARA:**

Que esta Dirección xeral de Ordenación Forestal ten previsto formalizar coa Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Semana Verde de Galicia para a organización da V Edición da Feira Bienal Galiforest o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 3 de outubro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular as condicións da colaboración conxunta entre a Consellería do Medio Rural, a Axencia Galega da Industria Forestal e a Fundación Semana Verde, para a organización neste ano dunha nova edición da feira bienal de carácter monográfico forestal internacional para o sur de Europa que ten como obxectivos principais os seguintes:

- 1.Ser punto de encontro e referencia profesional para o sector
- 2.Consolidación como feira profesional monográfica no ámbito xeográfico do Suroeste da Unión Europea.
- 3.Promocionar a estrutura empresarial e produtiva do sector.
- 4.Fomentar unha conciencia social a favor do medio ambiente e os seus recursos.
- 5.Promover as boas prácticas no uso da maquinaria forestal.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:



Que o V Monográfico Forestal Internacional para o Sur de Europa, Galiforest, será un salón dirixido a profesionais nun escenario singular, unha exposición dinámica no monte en condicións reais de traballo, correspondendo a súa organización como nas edicións anteriores á Fundación Semana Verde de Galicia.

O evento celebrarase entre o 28 e o 30 de xuño, no monte e instalacións do Centro de Experimentación Agroforestal de Sergude (Boqueixón), que constitúe un lugar con condicións reais de traballo e ao mesmo tempo atópase moi ben conectado cara á asistencia do público interesado. Conta con axeitadas infraestruturas para as xornadas, e masas forestais para demostracións, tanto para as grandes máquinas como para visitantes, entradas asfaltadas, parkings, edificacións..

Trátase de xerar un espazo de encontro forestal que posibilite a xeración de negocio, innovación e divulgación tanto técnica como social. O certame contará cunha gran área expositiva e cun programa de demostracións e xornadas técnicas, dirixíndose a un público con perfil profesional, se ben aberto a calquera tipo de público. Desenvolvéndose nun entorno real para o traballo forestal, o monte. O certame ocupará unha superficie aproximada dunha hectárea, e se espera a asistencia dunhas 180 firmas expositoras procedentes de máis de 15 países e unha afluencia media duns 2.000 visitantes diarios.

Permitirá ás empresas forestais levar a cabo probas de desbroces, astelados, tala de madeira, apiado de produtos, carga directa en camión o indirecta en autocargadores, transporte de madeira no monte, sementeira mecánica, aproveitamento de residuos forestais (biomasa), etc., nas que participarán empresas de todo o sector produtivo, tanto fabricantes, como distribuidores de motoserras, grúas, autocargadores, vehículos de transporte, etc. Na última edición programáronse máis de 100 demostracións de maquinaria, que se realizaron de maneira continuada e nas que se puido ver todo tipo de traballos forestais, e máis de 20 xornadas técnicas sobre temas de actualidade e interese para o sector forestal, estando previsto manter ou mellorar estas cifras na presente edición.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.



E para que conste, asínase esta memoria

Santiago de Compostela,

Asinado dixitalmente

O director xeral de Ordenación Forestal

Tomás Fernández-Couto Juanas

